# O CARPAZO



Periodico escolar do COLEXIO DE BLANCOS

Nº 3?

# ADICACIÔN

As nenas de 5º de E.X.B
do colexio dos Blancos
quixemos facer esta revista
adicada os nenos xovenes.
en especial pos que estan
aburridos. pa os animar algo.
en especial pra que todos os
nenos galegos o pasen mellor.
Pa que aprendades a facer
coisas novas etc .....

# BABIECA

Babieca era o cabalo do Cid Campeador que aparece nombrado no cantar de mio Cid e en diversos romances.





# O PAIS O REVES

Xosé Marañón era un home que vivía nun país o revés, un día encontrouse con un vello que era doutro país e Xosé preguntoulle,

¿Onde estou?

– e o vello non lle contestou Xosé preguntoulle de novo onde estaba e o vello respondeulle

– estamos no país o revés, eiquí as cousas son diferentes cas dos outros paises. ¿Sabes que é isto? – si, é un colador

– Nada diso, é un descolador e serve para descola-lo leite e outras cousas.

¿Que máis?

Tamen Temo-la maquina de desafeitar.

Querera dicir a maquina de afeitar.

Nada diso.

A máquina de desafeitar serve para desafeitar as barbas dos homes.

Qué fantastástico e o país o revés



# ENTROIDO 88



O mundo do entroido é un mundo o revés que escomenza o dia dos Inocentes.
Os dias 13 e 14 do ciclo son os días fecundos da muller.

O entroido está cheo de ritos fecundantes tales cómo os foles cos que os mecos. cubertos cun capuchón gordo rematado nunha cabeza de galo, lles soplan as xentes nos traseiros, rexigas, látigos feitas de pelos de macho cabrío.

É un culto a comida, o porco asociano a S. Antón.
No entroido comer moito non e un hedomismo, senón un rito pero comer comese ben. Eses dias comese carne para despedirse dela ata a Pascóa esto recolleo o cantigueiro cando di:

Alegria, alegrote
que está o rabo
cocendo no pote.
Adiós Martes de
entroido,
adios meu
queridiño ata
o domingo de
Páscoa, non
comerei mais
touciño.

Os animais que van xunguidos a festa do entroido son o porco, a vaca o boi, o oso, o can, o gato, o cervo, o cabalo o gato. ELN



# ENTREVISTA
# A: MARIÑA RODRIGUEZ

Se tivese que escoller un oficio ¿Cal escolleria

- Bordadeira ou costureira.




¿Por qué?

Sempre me gustou moito coser.

¿Xa leva moito tempo?

moito

¿É moi antigua esta máquina?

Sobre ochenta anos.


Máquina de coser

¿Cómo funciona?

A pedal.

¿Ten algo que bordar?

Si dous xuegos de cama.




Ten moitos fíos?

Si.

¿Fai falla un fío especial?

Si do número cincuenta

Das cousas que borda. ¿Qué lle gusta mais?

_As sabanas.

¿Imaxina usted o dibuxo?



alfileres

_Non, teño libretas.

¿É moi difícil aprender a bordar?

_Non

¿Quen a enseñou?



calcante

A Aurora

¿E como se adicou esto?

Porque me gusta

Enseñeme algún obxeto

lápiz, carbón, alfileres

tixeira, calcante, aros, papel fino.



papel fino

# CENTENARIO DE OTERO PEDRAYO



E así debemos analizalo o seu labor de escritor e recreador de mundos galegos, historicamente vencellados ó pasado recente ou remoto do país, pero perfectamente vivos e latexantes no espírito da escrita oteriana, en obras cómo: "Os caminos da vida", "A redor de si", ou "O mesón dos ermos" que o fixeron acreedor dunha merecida sona dos anos vinte e primeiros trinta deste século.



Complementario deste aspecto é o seu traballo político como deputado galeguista, ó carón de Castelao, nas cortes de Madrid, no periodo do primeiro bieno republicano (1931 a 1933), defendendo unha visión non uniformista e federalizante da nova "España".

# DESCRIPCIÓN: O LINCE

O lince e a clase dos mamiferos carnivoros ten o aspecto parecido o dun gato domestico comun a ser tamaño e moito mais grande ten as patas longas, rabo corto e orellas moi anchas e puntiagudas ten uns copiosos bigotes e pelaxe bastante longo e moi suave. Os seus hábitos son tipicamente selvatico. E o felino mais grande de Europa alcanza 1,30 m.

Chaman a atencion a sua mirada vivaz e as suas largas patillas que lle dan un aspecto inconfundible. E de color gris roxizo con circos brancos o redor dos ollos e os labios.

A sua distribucion xeografica e enorme. Vive solitario; e de costumes nocturno e as suas presas favoritas son os animais domésticos aunque tamén se alimenta de corzos, lebres e ardillas

O Gabian

Ave rapina de pequeno tamaño, mide aproximadamente uns 30 cm de lonxitude, e de plumaxe branquecino con barras transversales de cor pardo na rexion adominal. Ataca a toda clase de aves, ainda que sexan de maior tamaño perseguindoos pa as árbores. Encontrase en Europa e Asia septentrional.



[redacted] As Anduriñas [redacted]



uriña común, especie de Bruño negro ou
illo.

ría da Anduriña e o Anduriño.

nduriñas chegan todalas Primaveras.

sempre o niño que ocuparon
o anterior. Reconstruen o niño con barro
las. O niño delas parece un cestiño
arro, apegado as paredes debaixo do
Pon varios ovos.

de chocaren os ovos, saen os
iños. As Anduriñas alimentan os
iños con moscas, saltóns e todo
de insectos. O iren pra grandiños, e
a plumas nas ás, os paxariños
s primeiros voos. No Outono marcha
andadas para outras terras onde non
Inverno tan duro como o noso.

As anduriñas cando
teñen as crías tarde
danlles perexil
para que morran.

Blantas menciñais



Pranta de oliva

A pranta de oliva e boa pra anginas hai que madracar unha folla de oliva en cru e moi lo pas anginas.

Pranta de eucaliptos

A pranta de eucaliptos e moi boa pro catarro hai que ferver unha ramiña pequena de eucaliptos en auga e ó estar ferrida bebese a auga.



Pranta de manzanilla

A pranta de manzanilla e pa cando doi o estómago fervese unha pouca manzanilla en auga o estar ferrida bebese.



Manzanilla



# DICCIONARIO BILINGUE

| CASTELÁN | | GALEGO |
|---|---|---|
|  | madre | maí |
|  | padre | paí |
|  | hijo | fillo |
|  | hija | filla |
|  | hermano | irmán |
|  | hermana | irmá |
|  | abuelo | avo |
|  | abuela | avoa |



# DESCRIPCIÓN DE "SABRINA"...



Agora "Onda Xoven Contao todo
sobre "Sabrina.

Sabrina ten 19 anos.
Ten o pelo rizo e largo.
Ten os peitos moi grandes
e vaínos enseñando pola
vida así recaudou o exito.

Ten bo tipo e
viste cunha roupa
moi extravagante.



# DEPORTES : O FUTBOL



xogadores = 11 de cada equipo

Modo de xogo - primeiro ponse o balón no centro do campo, e os xogadores cada equipo no seu lugar. Cando un home cun traxe negro pite centrase (e decir pasarlle-lo balón un o outro) e comenza o xogo os xogadores dos ambos equipos deben penetrar o balón na porteria contraria defendida polo porteiro. O balón non se lle pode tocar coa man senon o arbitro pitaria man e o equipo contrario do que fixo a man teria que tirar un tiro directo (e decir que o xogador que tira a man non lle pode pasar a ninguen). Se a man e realizada dentro da area seria penaltí. Se alguen xogador envia o balón fora da linea de banda un xogador do equipo contrario teria que sacar a fora, pero cos pes xuntos senon sacaria a fora o outro equipo. Cando un xogador se encontra entre a defensa e o porteiro e marca gol seria nulo porque entón seria fora de xogo e o porteiro teria que despexar a diante. Cada parte do partido dura 45 minutos en total 90 minutos cada partido

# REFRANS.



1º Polo San Lucas
zaben as uvas.

2º Sen nadal nada
sinal de boa anada.

3º Despois de San
Martiño deixa a
auga e bebe o viño.

4ª Maio loiro
San Xoan -
claro vale máis
co boi e o carro.

5º En abril augas mil.

6ª Non por moito madrugar
empeza o dia máis
cedo.

7º Marzo marzato cara
de gato.

8º No marzo queima
a dama no palacio.

# ADIVIÑAS

1ª Redonda coma unha taza e vai conmigo a praza
e a (lua)




2ª Branco son branco nacin pobres e ricos comen de min
e a (sal)

3ª Ave chamanme de nome llana de contribución senon acertas o meu nome seras un gra borriquón e a (Avellana)

4º No monte verdes, no mercado roxos e na casa son negros.
son os (pementos.

5ª Follas ten, follas ten non llas conta ninguen e o (cogomelo)

# Adiviñas

Verde no monte, negro na praza e colorado na casa ¿que e?

Este banco esta ocupado por un pai e un fillo llo pai chamase Xose e o fillo xachodixen.

Redondin, redondan como o pé do xandrin follas ten follas ten que ninguen as conta.

Por ise camiño abaixo ba caminando un bicho Ó, bicho que e xa cho dixen.

Levanta a saia que eu chameto e se che sangra eu limpocha

Monte me chamo, rei me fixeron o que non acerte o meu nombre e un gran burriqueiro.

Igrexia pequena san cristan rebulidor e os santos son todos dun color.

Corre e corre e nunca encobre

Canto mais grande é menos se ve.

# Adiviñas

¡chiou! ¡chiou! pola corredaira vou ¿que é? o carro

Pomparonapon ponaporompeira anda na festa tocando a muiñeira ¿qué é? o pandeiro

Nace no monte no monte se cria e chega a casa e rifa ca tia ¿que é? o fume

Unha señorita moi enseñoritada sempre esta na casa e sempre esta mallada ¿que e? a lengua

Unha cousa que canto mais se lle pon mais pequena e e canto mais se lle quita mais grande e ¿que é? a porta

Unha señora moi enseñoritada con moitos remendos e ninguna puntada ¿que é? a pita

A ondiña do alto mar traime unha cousiña pa virme planchar ¿que é? a estreliña de mar

# ADIVIÑAS

1º/ Outeiro curcpeludo paire fillos a miudo hora ten e hora non ten e a todo o mundo manten.

O forno

2º/ Churin choraba cando a torre caía churin alegrabase.

Os porquiños

3º/ Vai pro monte e mira pra casa, vai pra casa e mira pro monte, ¿que é?

O cu

4º/ Cando vai pro monte vai encollido e cando vai pra casa ven estendido, ¿que é?

O sedeño

5º/ Dicen que a muller e dura máis dura e quena fura metelle un duro no mol e decolga o pirindol.

Os pendientes

6º/ No monte nace, no monte se cría e chega a casa e revolve todas as esquinas.

A xesta

# ADIVIÑAS

1ª Mai capeluda fillos inchafoles
adiviña ti se podes

2ª Igrexiña pequeniña, tenedor revolvedor
todo-los da freguesia son dunha
color ¿que e?

3ª Catro pisabarros dous escarabellos
de un espantadiablos o vaca

4ª Adiviña adivinanza cal e o bicho
que pica a panza a fame

5ª Cornos diante ollos de trás se es listo
adiviñaras a Tixeira

6ª Do tamaño dunha noz sube o monte
e non ten pes ¿Que é? o caracol

7ª Fala e non ten boca anda e non ten pes
voa e non ten ás ¿Que cousa é? a carta

8ª No medio do mar estou non son de
Deus nin do mundo nin do inferno
profundo e en todos lados estou
¿Quen són? son a A

# ADIVIÑAS

1º) Unha señorita moi enseñoritada con moitos remendos e sin ningunha puntada. a pita

2º) Unha señorita moi enseñoritada sempre anda no coche e sempre anda mollada. a lingua

3º) Nace no monte, crece no monte e ven a casa e rifa ca tía. a luz

4º) Follas ten, follas ten e non llas conta niguen. o libro

5º) Pelo por dentro, pelo por fora alsa a pata e metea dentro. o calcetín

6º) Alto me vexo no meu cabalexo vexo que vexo e non podo fuxir. a castaña dentro

ourizo

7º/ No monte nace, no monte crece
ven a casa e da máis pena
que alegría. a caixa dos mortos

8º/ Que cousa é que che toca na
cara e non a ves. O vento

9º/ Come e non ten boca, anda e
non ten pes e toda a comida que come
aínda lle parece pouca. O muíño



# ALBORADA



A aurorña
e ceo colora
cuns arbores
que namora,
un semblante
de ouro e prata
tinxidiño
de escarlata.
Cuns vestidos
de diamante
que lle borda
o sol amante
entre as ondas
de cristal.
¡Sal...!
Señora en todo mal,
que o sol xa brilla
nas cunchiñas do areal.

# Cantigas do Entroido



Mañá é festa,
Maña e festa,
Erguede todos,
a vosa testa.

O rin-chin-chin,
Oralo de min,
ven o entroido
co seu tilin.



O rin-chin-chin,
O ron-ton-ton
ven o Entroido
co seu folion.



XOGOS "PALABRAS DESORDEADAS"

tei-ra-car 

bre-li-ta 

pe-ta-car 

ri-po-sa-ma 

na-rio-Dica 

ma a-ba-po

* Une con frechas os seguintes numeros romans cos numeros españois.

| | | | |
|---|---|---|---|
| X | 100 | IV | 6 |
| C | 50 | VI | 4 |
| L | 10 | IX | 11 |
| D | 1000 | XI | 9 |
| M | 500 | XIX | 19 |
| | | XX | 20 |

ROMANA 

Marca con frechas a correspondencia da numeración romana

| | |
|---|---|
| 14 | XV |
| 15 | XIV |
| 90 | VII |
| 7 | CI |



¿Resolve esta suma?




¿Plantexa este problema?

Podes empezar.
Un pai ten 38 anos e o seu fillo 10 cantos anos terá o pai cando o fillo teña 28 anos?







Enchede os globos

# Pasatempos

## Laberinto



## Crucigrama

os puntos cardinais



# XOGOS "Sete en raia"



## Reglas do xogo

Pra xogar o "sete en raia" so se pode xogar de dous rapaces, e cada xogador ten que xogar con tres fichas un cunha ficha de un cor calquera pero as tres dun cor e o outro xogador doutro cor distinto as do compañeiro.
Pra xogar, primeiro un pon unha ficha en calquer sitio, despois o outro pon outra ficha e asi ata que se acaben as fichas. Se aun lle quedan as fichas na mesma posición gañou, sinon hai que mover ata que un dos xogadores gañe.

# O GATO E O RATO



# O BORRACHO


Un día un tío borracho vai pola rua.
intenta tocalo timbre
axudoo en algo
Sí, toque o timbre
Sí enseguida
deixeme pasar e xa ele toco o timbre
Sí claro
Fagolle algo mais
Sí, botar a
correr ca
botanse a correr

# COMIC: OS TRES HOMES E O POZO

